

A CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN DEIXA A CENTOS DE ALUMNAS E ALUMNOS SEN MEDIDAS DE APOIO DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE

O RETRASO NA XESTIÓN DOS CONTRATOS-PROGRAMA FAI PERDER UNHA AVALIACIÓN AO ALUMNADO QUE PRECISA REFORZO EDUCATIVO

A Orde que desenvolve os contratos-programa pasou pola Mesa Sectorial en maio do curso pasado pero, inexplicablemente, os recursos que promete a mesma non chegarán aos centros educativos ata comezado o segundo trimestre do curso actual, máis de seis meses despois. Para o STEG estamos ante unha medida de carácter economicista, xa que hai que lembrar que os centros cumpriron cos axustados prazos marcados pola Administración no mes de xuño para achegar os seus proxectos. Só desde a lóxica do aforro pode entenderse un retraso dun trimestre na posta en marcha duns contratos que, maiormente, veñen recoller medidas que levaban anos funcionando ao longo do curso completo, como é o caso do Plan PROA. Estamos ante outro exemplo de actuacións que prexudican a igualdade de oportunidades do alumnado máis necesitado de reforzo educativo e que, en contra das declaracións da Consellaría, están a pagar a política de recortes dun goberno que pretende ocultalas a través da propaganda constante. Desde o STEG esiximos á administración a mesma celeridade en poñer en marcha estes programas que a que amosa á hora de publicitalos a través da páxina web da consellaría ou polos medios de comunicación.

Lembramos que, só no caso do citado Plan PROA, durante o curso pasado participaron máis de 170 centros, poñendo en marcha programas de reforzo para o alumnado con dificultades nos diferentes ámbitos educativos, fomentando, tamén, a súa integración socioeducativa buscando reducir as taxas de fracaso. A perda dos apoios necesarios ao longo dun trimestre completo para este alumnado -"a primeira avaliación"- supón un grave prexuízo que en moitos casos arrastrarán ao longo do curso completo.

En relación aos contratos programa, lembramos que a postura que o STEG defendeu na Mesa Sectorial na que se negociou a orde, baseouse en que o traballo para a mellora da calidade do ensino debe ser unha obriga tanto da administración educativa como de todos os centros galegos, polo que non pode estar supeditado á capacidade dos equipos directivos de faceren propostas que compitan entre sí polos recursos da administración. Xa que logo, desde o STEG demandamos á Consellaría dos contratos-programa:

1. Que se convertan nun programa universal que serva para eliminar a discriminación educativa froito, fundamentalmente, das desigualdades sociais. De non ser así, os contratos programa, dependendo da súa xestión, poden afondar nas desigualdades entre centros e no dereito do alumnado á mesma calidade educativa.
2. A obrigatoriedade en todos os centros de implementar medidas de loita contra o fracaso escolar e de mellora da calidade educativa.
3. O compromiso da administración non só de facer máis eficientes os recursos actuais dos centros, senón de aumentar os recursos alí onde sexan necesarios para garantir o dereito a unha educación de calidade en igualdade de condicións.

De non poderen cumprir inicialmente con estas demandas, desde o STEG consideramos que é obriga da Administración avaliar o mapa educativo galego para determinar aqueles centros onde é máis urxente investir esforzos, en vez de determinalo a partires de aspectos coma a implicación das familias e o concello, entre outras.

Que estamos, unha vez máis, ante medidas que carecen dun verdadeiro proxecto educativo compensador de desigualdades o demostran medidas como a que estamos a denunciar...A Administración poderá gabarse de que aumentaron o número de centros aos que dotan de medidas de apoio...O que non dirán é que, reducindo unha avaliación en cada centro, aínda pode ser que acaben aforrando cartos...

Permanente do Secretariado Nacional
Novembro de 2011